

CURSOS DE CAPACITACIÓN DIXITAL

O CIFP Valentín Paz Andrade foi habilitado pola Xunta de Galicia coma centro de educación para persoas adultas co obxectivo de facilitar a capacitación dixital, incorporándose así á Rede Galega de Educación Dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.

No contexto do interese do propio CIFP, a medida que se cumpran obxectivos de persoas formadas ao respecto, poderase mellorar a dotación de equipamento dixital en espazos do centro.

No achegamento aos obxectivos para o presente 2024, está previsto para este mes de xuño o primeiro curso de CAPACITACIÓN DIXITAL nivel básico (30 horas), destinado a persoas adultas (que non estean en ensinanza regrada).

Dentro da difusión que corresponde realizar sobre os cursos ofertados, informamos ao profesorado para que á súa vez, poida favorecer que chegue esta oferta a un maior número de persoas, que poderían ter interese por mellorar as súas habilidades dixitais na xestión de dispositivos e datos no contorno profesional.

Para provocar que se coñeza a posibilidade de inscribirse neste curso, dende o CIFP a información está a dirixirse sobre todo a organizacións e diversas asociacións desta zona de Vigo e Mos, e algunhas empresas e comercios que poden ser posibles canles de comunicación.

Por isto, déixanse aquí as características deste curso por se vemos a oportunidade de colaborar con esta difusión.

Grazas

Arquivo pdf adxunto: [cartel explicativo do curso ofertado en xuño.](#)

Máis información:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cifppazandrade/node/783>

Inscripción: (telefónica, en conserxería ou no seguinte enlace ou código QR)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cifppazandrade/node/782>

(toda a información na web VPA)